A data límite de inscrición, gratuíta, é o xoves 26 de outubro. Farase por orde de anotación até completar o aforo (50 prazas)

Para máis información e inscrición:

Avenida de Lugo, 219, 1º
15703 - Compostela - Galiza
Tel. 981 57 02 65

fundacion@terraetempo.gal
www.terraetempo.gal
www.bautistaalvarez.gal

Organiza:

Fundación Terra e Tempo de Estudos Nacionalistas

**Na memoria de Bautista Álvarez**

Colabora:

casa das CAMPÁS

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
Universida de Vigo

[O resultado da crise económica e da súa solución sobre o conxunto da clase traballadora. Desigualdade e empobrecemento na Galiza]



# V Xornadas LOIS OBELLEIRO de Historia, Pensamento e Cultura

**PONTEVEDRA**
Sábado, 28 de outubro de 2017
Casa das Campás (Rúa Don Filiberto, 11)

O momento presente non sería entendíbel desde a perspectiva económica sen interpretar o estourido da crise e a súa posterior resolución desde a política económica levada a cabo polos gobernos españois. Tanto o PSOE como o PP enfrontaron o paquete de medidas de política económica de forma drástica e rigorosa para salvar nuns casos, e favorecer descaradamente noutros, ao grande capital, facendo recaer os custos sobre o conxunto das e dos traballadores e máis os autónomos que nun o noutro caso ficaron empobrecidos. Este empobrecemento ten faciana absoluta: aumentou a cantidade de excluídos socialmente, aumentou o número de emigrantes, aumentou o número de suicidios, pero tamén ten características de desigualdade en termos relativos. Houbo uns poucos –moi poucos– que se enriqueceron de forma escandalosa e unha grande masa de traballadores, os que conservan o seu emprego, son mais pobres en termos relativos e soportan unhas condicións laborais «pre-direitos laborais».

Estes temas preocupan na Fundación Terra e Tempo de Estudos Nacionalista, de aí que nos propuxeramos un debate para tirar dos seus froitos coñecemento e novas perspectivas.

## PROGRAMA

| | |
|---|---|
| 10.15 | Recepción aos asistentes |
| 10.30 | Conferencia<br>«As modificacións legais e o seu papel sobre a regresión en dereitos e condicións de vida das e dos traballadores»<br>**Héctor López de Castro Ruíz**<br>Avogado laboralista<br>Confederación Intersindical Galega |
| 11.10 | Coloquio |
| 11.30 | Mesa redonda<br>Intervención de Lucía Freire e Patricia Cordo sobre as condicións de traballo desde a súa experiencia no sector servizos |
| 12.00 | Coloquio |
| 12.15 | Descanso |
| 12.30 | Conferencia<br>«Pobreza e dinámica da pobreza na Galiza actual»<br>**Ánxela Troitiño Cobas**<br>Doutora en Economía<br>Universidade de Santiago de Compostela |
| 13.10 | Coloquio |
| 13.30 | Remate |